

PROXECTO CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO INFANTIL FEMININO

Tempada 2016 - 2017. Circular 16-45.

1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube. Como caso excepcional un clube poderá inscribir até 3 equipos.

1.2.- Poderán participar ademais, clubs non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función de las posibilidades de organización. Os clubs de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.

1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Wáter-polo.

1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.5.- A idade das xogadoras será a das nadas no ano 2003 e posteriores na categoría feminina.

2.- Inscripcións

2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubs que non cumplan os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do Campionato Galego Cadete Feminino.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo, e en función do número de equipos inscritos, a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- Calendario

3.1.- Celebrarase un Campionato de inverno segundo o calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicárase oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

3.2.- Celebrarase un Campionato de verán segundo o calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicárase oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

4.- Sistema de xogo

4.1.- Procurarase que se disputen o maior número de partidos posibles, aínda que, e tendo en conta a idade dos participantes, os partidos poderán organizarse con menor duración que a habitual, a expensas en todo caso das inscricións recibidas.

4.2. En función do número de equipos inscritos:

- ≤ 4 equipos un día de competición

- 5 equipos dependendo da sede e da decisión dos clubs participantes.

- > 5 equipos a copa celebrárase en 2 xornadas a mesma fin de semana.

4.3.- A FEGAN será quen decida que sistema de xogo se empregará.

4.4.- O horario dos encontros así como o número de partidos en cada xornada (mañá-tarde) será determinado pola FEGAN.

4.6.- Xogarase conforme ao Normativa Xeral de Wáter-Polo.

4.7.- El sorteo será dirigido, de tal forma que los primeros clasificados en la Liga no podrán cruzarse hasta una hipotética final, y los equipos que han participado en la misma tendrán preferencia en los cruces ante los equipos inscritos por primera vez (en caso de non ter rematado a liga, será sorteo puro).

Ejemplo para 6 equipos de la liga más 2 equipos nuevos:

1º Clasificado – Equipo Nuevo 1

4º Clasificado – 5º Clasificado

3º Clasificado – 6º Clasificado

2º Clasificado – Equipo Nuevo 2

5.- Obrigas dos equipos.

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Títulos e premios.

6.1.- Ao finalizar a competición entregárase un trofeo ao equipo campión, e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña,
Secretaría Xeral FEGAN